

## **IES VILAR PONTE: SEMANA BRANCA 2024**

### **Información sobre a viaxe:**

- A saída terá lugar o **7 de xaneiro de 2024 ás 07:00 horas. Cítase ao alumnado a partir das 06:30 horas na porta principal do instituto** (edificio Vilar Ponte) para organizar a equipaxe e entregar a documentación. Prégase puntualidade.
- **Ese día o alumnado deberá traer consigo unha fotocopia do seu DNI e outra da súa tarxeta sanitaria**, que lle entregará aos profesores no momento de subir ao autobús.
- O día da saída atoparemos moito tráfico polo que as áreas de servizo poderán estar colapsadas. Pregamos encarecidamente que **ese día cada alumno/a traiga consigo o seu xantar** (bebida, bocadillo e peza de froita, por exemplo) para non facer colas e non retrasar a marcha da viaxe.
- Unha vez no noso destino, cómpre engadir que hai un supermercado a 250 metros do hotel onde o alumnado poderá mercar os víveres que necesite. De igual xeito, existen múltiples establecementos de restauración e material deportivo dentro da propia urbanización.
- A volta terá lugar o **venres 12 de xaneiro de 2024**, chegando a Viveiro cara a noiteña. Unha vez esteamos en marcha comunicárase a hora de chegada estimada.
- O profesorado acompañante somos: Vanesa Ares (Galego), Rosa Arnosó (Inglés), Ánxela Cabanas (Francés), Mariló Docanto (Educación Física), Javier Illán (Música), Marisa Martínez (Coidadora), Víctor Pérez (Xeografía e Historia).

### **Servizos incluídos no paquete:**

Cinco noites de estancia na estación de esquí de Formigal; réxime media pensión (almorzo e cea) no hotel; menú escolar diario en pistas; catro días de forfait (acceso a pistas) con 2 horas de clase de esquí diarias (obrigatorias); alugueiro de equipo de esquí (inclúe esquí, botas, bastóns e casco); seguro de esquí e de viaxe.

### **Material necesario para esquiar:**

- Para a metade superior unha primeira capa transpirable (camiseta térmica ou de algodón), unha segunda de abrigo (suadoiro, forro polar) e unha terceira impermeable (chaqueta de neve, anorak).
- Para a inferior, medias altas grosas (varios pares) e pantalón de esquí. Dependendo do tipo de pantalón hai quen leva mallas térmicas por embaixo. Non esperamos moito frío así que se o pantalón ten algún tipo de forro, as mallas non son necesarias.
- Lentes de sol para neve (homologadas).
- Abrigo para cabeza e gorxa: gorro, bufanda, braga, etc.
- Luvas impermeables.
- Protector solar (mínimo factor 25) e labial.
- Para snowboard: protectores para os pulsos ou *muñecas*. Recomendables pois evitan lesións.

### **Outro material necesario:**

Documentación: **DNI, tarxeta sanitaria** e copia delas; unha **bolsa reutilizable grande** (de plástico, tela ou rafia, como as da compra, para levar e traer as botas despois de cada xornada) identificada co nome do alumno ou alumna; **teléfono móbil** e cargador; mochila pequena ou riñoneira; roupa de rúa cómoda e de abrigo (só serán unhas poucas horas ao día así que cun “modelito” será suficiente). **Si é convinte traer un abrigo ou impermeable de recambio por se mollamos o de esquiar.** Tamén pixama, roupa interior e útiles de aseo.

### **Comunicación:**

O profesorado levará unha serie de teléfonos de contacto para falar con alumnado e familias. Crearase un grupo de Whatsapp entre alumnado e profesorado a fin de dar avisos, ter á rapazada localizada e atender incidencias (crearase xa no autobús, unha vez que esteamos de viaxe). Para atender as posibles dúbidas que podan xurdir antes da viaxe e como referencia durante a saída poderán comunicarse cos seguintes números: Víctor Pérez: **680 135 439**; Mariló Docanto: **670 906 426**.